

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 7 de xuño de 2022 pola que se actualiza a oferta de formación profesional dual en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas a esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás, persecue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.1 que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar os seus coñecementos, así como as súas capacidades, habilidades, aptitudes e competencias, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Ademais, o artigo 5.2 establece que o sistema educativo ten como principio propiciar a educación permanente. Para tal efecto, debe preparar o alumnado para aprender por si mesmo e débelle facilitar ás persoas adultas a súa incorporación ás ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe coas outras responsabilidades e actividades.

Adicionalmente, a Lei establece no seu artigo 39.2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía.



nía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida. Así mesmo, no artigo 42.1 establece que lles corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, programar a oferta das ensinanzas de formación profesional.

A Lei orgánica 2/2006, na súa redacción modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 39.3 que a formación profesional no sistema educativo abrangue os ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, así como os cursos de especialización. Todos eles terán unha organización modular, de duración variable, que integre os contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, indica no seu artigo 52 que os cursos de especialización poderán desenvolverse na modalidade dual.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, regula, entre outras cuestións, determinados aspectos da formación profesional dual, que combina os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia, establece no capítulo V as vías para obtención dos títulos de formación profesional e os réximes e as modalidades das ofertas de formación profesional. O artigo 19 recolle que as ofertas de accións formativas de formación profesional irán dirixidas á adquisición e á mellora das competencias e das cualificacións profesionais, promoverán a formación permanente e organizaranse en ciclos formativos e en cursos para unha maior especialización ou formación específica para determinados colectivos, co fin de que as persoas avancen no seu itinerario de formación profesional, independentemente da súa situación en cada momento.

A disposición adicional segunda deste decreto determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e as entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas ins-

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqihkizb7b1



talacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos propios da actividade, así como a actualización profesional. O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros (DOG do 13 de abril), establece no artigo 5 que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

As ensinanzas incorporadas a esta oferta poderán ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea-NextGenerationEU no marco do programa de cooperación territorial «Plan de modernización da formación profesional», destinado ao redimensionamento da oferta de formación profesional, no marco do compoñente 20 «Plan estratéxico de impulso da formación profesional», do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

De acordo coas competencias que ten conferidas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Actualización da oferta*

Actualízase a oferta de ensinanzas de formación profesional polo réxime de persoas adultas na modalidade dual en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2022/23, que se relaciona no anexo I.

Artigo 2. *Número mínimo de solicitudes*

Exíxese un mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia.

Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para pór en funcionamento esta ensinanza, e mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de solicitudes débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa solicitude de admisión.



Disposición adicional primeira. *Ordenación e proceso de admisión na formación profesional dual*

Aos ciclos formativos de formación profesional dual autorizados nesta orde seralles de aplicación a ordenación e o proceso de admisión establecidos na Orde do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, coas seguintes excepcións:

1. O contido do artigo 2.a) da dita orde, relativo aos requisitos das persoas solicitantes, modifícase e queda redactado como segue: «Ter dezoito anos ou facelos no ano natural de inicio do ciclo formativo».

2. As datas relativas ao proceso de admisión para o curso 2022/23 serán as establecidas para os proxectos de formación profesional dual dentro do calendario xeral de admisión a ciclos formativos de formación profesional publicado pola Dirección Xeral de Formación Profesional. Neste calendario estarán fixadas as datas do prazo de solicitudes, publicación das listaxes de persoas solicitantes, períodos de reclamación, período de selección do alumnado pola entidade colaboradora, listaxe de persoas admitidas e en espera, e datas de matrícula para as persoas seleccionadas.

Disposición adicional segunda. *Formación específica*

Autorízase a oferta de formación específica de xeito experimental en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23 que se relaciona no anexo II.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e a Secretaría Xeral Técnica para adoptaren todas as medidas e os actos necesarios para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqihkizb7b1



ANEXO I

Ensinanzas de formación profesional autorizadas na modalidade de formación profesional dual para o curso 2022/23 polo réxime para persoas adultas

A Coruña.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
Arzúa	15027733	IES de Arzúa	MAGA01	Produción Agroecolóxica
Carballo	15002591	IES Monte Neme	SIMA03 SFME02 SINA02	Mecatrónica Industrial e oferta parcial de Construcións Metálicas e oferta parcial de Procesos e Calidade na Industria Alimentaria
Cee	15003224	IES Fernando Blanco	MFME02	Soldadura e Caldeiraría
Coruña, A	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
			SCOM01	Transporte e Loxística
			SCOM03	Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
	15005269	IES Urbano Lugo	MELE01	Instalacións Eléctricas e Automáticas
	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	SADG01	Administración e Finanzas
			SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións web
			SIFC52	Curso de Especialización en Intelixencia Artificial e Big Data
	15024513	CIFP Someso	MFME01	Mecanizado
			MFME02	Soldadura e Caldeiraría
			MMAM01	Carpintería e Moble
			MTMV01	Carrozaría
			SEOC01	Proxectos de Edificación
			SFME02	Construcións Metálicas
	15027897	CIFP Paseo das Pontes	MTCP01	Confección e Moda
			SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración
Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	SIMA02	Mantemento de Instalacións Térmicas e de Flúidos
Curtis	15022620	IES de Curtis	STMV01	Automoción
Fene	15032081	IES de Fene	MIMA02	Instalacións de Producción de Calor
			MTMV02	Electromecánica de Vehículos Automóbiles
Ferrol	15006754	CIFP Ferrolterra	MENA01	Redes e Estacións de Tratamento de Augas
			MFME02	Soldadura e Caldeiraría
			MTMV03	Electromecánica de Maquinaria
			SELE01	Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
			SFME03	Deseño en Fabricación Mecánica
			SIMA03	Mecatrónica Industrial
			SMAM01	Deseño e Amoblamento

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqihkizb7b1



Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
			SCOM01	Transporte e Loxística
	15021469	CIFP Leixa	SSSC03	Animación Sociocultural e Turística
Ponteceso	15026406	IES Eduardo Pondal	STMV01	Automoción
Pontedeume	15025682	CIFP Fraga do Eume	SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos
Pontes de García Rodríguez, As	15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	MFME02	Soldadura e Caldeiraría
			SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web
Ribeira	15014556	CIFP Coroso	MEOC02	Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación
			MINA03	Elaboración de Produtos Alimentarios
			SIMA02	Mantemento de Instalacións Térmicas e de Flúidos
			SINA02	Procesos e Calidade na Industria Alimentaria
			STMV01	Automoción
	15027711	IES Leliadoura	SADG01	Administración e Finanzas
Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	MMAM01	Carpintería e Moble
			SELE01	Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
			SELE04	Mantemento Electrónico
			SFME02	Construcións Metálicas
	15016000	CIFP Compostela	MHOT01	Cociña e Gastronomía
			MHOT02	Servizos en Restauración
			SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos
			SHOT04	Dirección de Cociña
			SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración
	15023466	IES Lamas de Abade	M19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría
Zas	15027368	IES Maximino Romero de Lema	SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web

Lugo.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
Burela	27013934	IES Perdouro	SIMA03	Mecatrónica Industrial
Chantada	27003175	IES Val do Asma	MSSC01	Atención a Persoas en Situación de Dependencia
			SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións web
Foz	27020562	IES de Foz	SHOT04	Dirección de Cociña
			SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración
Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	MEOC01	Construción
			MINA03	Elaboración de Produtos Alimentarios

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqihkizb7b1



Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
	27006528	CIFP As Mercedes	SEOC01	Proxectos de Edificación
			SFME02	Construcións Metálicas
			MIMA01 MIMA02	Dobre titulación en Instalacións Frigoríficas e de Climatización e en Instalacións de Produción de Calor
			MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
			MTMV01	Carrozaría
			SCOM03	Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
			SIMA03	Mecatrónica Industrial
			STMV01	Automoción
	27016455	IES Sanxillao	MHOT02	Servizos en Restauración
Mondoñedo	27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	MAGA04	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	MTCP02	Calzado e Complementos de Moda
			SADG01	Administración e Finanzas
			SIMP02	Estilismo e Dirección de Peiteado
Ribadeo	27010921	CFEA Pedro Murias	MAGA04	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
	27020793	CIFP Porta da Auga	MELE01	Instalacións Eléctricas e Automáticas

Ourense.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
Carballiño, O	32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	MFME02	Soldadura e Caldeiraría
			MTMV03	Electromecánica de Maquinaria
			SELE03	Automatización e Robótica Industrial
Ourense	32008902 32016765	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel CIFP Portovello	M19001 MSSC01	Dobre titulación en Coidados Auxiliares de Enfermaría e en Atención a Persoas en Situación de Dependencia
	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	M19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría
			SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
			SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web
	32009116	IES 12 de Outubro	MIMA03 MFME01 SFME01	Mantenemento Electromecánico e oferta parcial de Mecanizado e oferta parcial de Programación da Produción en Fabricación Mecánica
	32009131	IES Universidade Laboral	MTMV01	Carrozaría
			SIMA03	Mecatrónica Industrial
	32015050	CIFP A Farixa	SHOT02 SHOT03 SHOT01	Dobre titulación en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos e en Guía, Información e Asistencia Turísticas e oferta parcial de Xestión de Aloxamentos Turísticos
			SENA02	Enerxías Renovables
			SIMP05	Termalismo e Benestar

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqjnkizb7b1



Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
	32016765	CIFP Portovello	MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
			SCOM03	Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
Verín	32013582	IES García-Barbón	MTMV03	Electromecánica de Maquinaria
Vilamarín	32016285	IES de Vilamarín	MAGA03	Xardinaria e Floraría
			SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos
Xinzo de Limia	32014801	IES Cidade de Antioquía	MAGA02	Producción Agropecuaria

Pontevedra.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ensinanza	Ensinanza
Estrada, A	36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
			SMAM01	Deseño e Amoblamento
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	MTMV01	Carrozaría
Moaña	36004745	IES Plurilingüe A Paralaia	SELE03	Automatización e Robótica Industrial
Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	MAGA03	Xardinaria e Floraría
			MINA02	Aceites de Oliva e Viños
Pontevedra	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	SIMP01	Estética Integral e Benestar
	36014489	CIFP A Xunqueira	MMAM01 MMAM02	Dobre titulación en Carpintaría e Moble e en Instalación e Amoblamento
	36018677	IES Luís Seoane	MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
	36020064	CIFP Carlos Oroza	SHOT04 SHOT05	Dobre titulación en Dirección de Cociña e en Dirección de Servizos de Restauración
			SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos
Porriño, O	36019529	IES Ribeira do Louro	MIEX01	Pedra Natural
Valga	36020362	IES de Valga	MFME01	Mecanizado
			MFME02	Soldadura e Caldeiraría
Vigo	36011579	IES A Guía	MCOM02	Comercialización de Produtos Alimentarios
			SCOM03	Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
	36011634	IES Politécnico de Vigo	MIMA03	Mantemento Electromecánico
	36013448	CIFP Manuel Antonio	MINA03	Elaboración de Produtos Alimentarios
			SQUI03	Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns
	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	MFME02	Soldadura e Caldeiraría
			MIMA02	Instalacións de Producción de Calor
			MMAM01	Carpintaría e Moble
	36017430	IES Ricardo Mella	M19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	SIMA03	Mecatrónica Industrial
	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma



ANEXO II
Ensinanzas de formación específica autorizadas para o curso 2022/23

A Coruña.

Concello	Código de centro	Centro	Módulo formativo/profesional	Unidade formativa
Coruña, A	15024513	CIFP Someso	Formación específica básica de Albanería e Fontanería	
			MF0276_1. Labores auxiliares de obra.	Sen unidades formativas.
			MF0869_1. Pastas, morteiros, adhesivos e formigóns.	Sen unidades formativas.
			MF0871_1. Tratamento de soportes para revestimento en construción.	Todas as unidades formativas.
			MF0872_1. Recebos e gornecidos «a boa vista».	UF0644. Execución de recibos e gornecidos «a boa vista».
			MF0873_1. Pintura e materiais de imprimación e protectores en construción.	Todas as unidades formativas.
			MP0134. Módulo de prácticas profesionais non laborais.	Sen unidades formativas.
			MP3024. Fontanería e calefacción básica.	Todas as unidades formativas.
Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	Formación específica básica de Fontanería, Calefacción, Electricidade e Telecomunicacións en Edificios	
			MF1154_1. Instalación de tubaxes.	Todas as unidades formativas.
			MF1155_1. Instalación e mantemento de sanitarios e elementos de climatización.	UF0411. Instalación e mantemento de aparellos sanitarios de uso doméstico.
				UF0412. Instalación e posta en marcha de aparellos de calefacción e climatización de uso doméstico.
			MP0090. Módulo de prácticas profesionais non laborais.	Sen unidades formativas.
			MF0816_1. Operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios.	Todas as unidades formativas.
			MF0817_1. Operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións.	UF0541. Caracterización dos elementos e equipamentos básicos de instalacións de telecomunicación en edificios.
				UF0542. Montaxe de elementos e equipamentos en instalacións de telecomunicación en edificios
Ferrol	15005754	CIFP Ferrolterra	Formación específica básica de Fontanería, Calefacción, Electricidade e Telecomunicacións en Edificios	
			MF1154_1. Instalación de tubaxes.	Todas as unidades formativas.

CVE-DOG: da91htz0-b5i3-hec0-juu9-syqjhkizb7b1



Concello	Código de centro	Centro	Módulo formativo/profesional	Unidade formativa
			MF1155_1. Instalación e mantemento de sanitarios e elementos de climatización.	UF0411. Instalación e mantemento de aparellos sanitarios de uso doméstico.
				UF0412. Instalación e posta en marcha de aparellos de calefacción e climatización de uso doméstico.
			MP0090. Módulo de prácticas profesionais non laborais.	Sen unidades formativas.
			MF0816_1. Operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios.	Todas as unidades formativas.
			MF0817_1. Operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións.	UF0541. Caracterización dos elementos e equipamentos básicos de instalacións de telecomunicación en edificios.
				UF0542. Montaxe de elementos e equipamentos en instalacións de telecomunicación en edificios.
			MP0118. Módulo de prácticas profesionais non laborais.	Sen unidades formativas.

Lugo.

Concello	Código de centro	Centro	Módulo formativo/profesional	Unidade formativa
Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	Formación específica de Reparación e Construción con Fibra de Embarcacións Deportivas e de Recreo	
			MF1841_2. Preparación e protección de superficies de embarcacións deportivas e de recreo.	Todas as unidades formativas.
			MF1842_2. Operacións de acabado de superficies da obra morta, cuberta, superestruturas e arboradura de embarcacións deportivas e de recreo.	UF0917. Prevención de riscos laborais e ambientais en mantemento de vehículos.
				UF2291. Operacións de acabado da obra morta de embarcacións deportivas e de recreo.
			MF1843_2. Reparación de elementos de plástico reforzado con fibra de embarcacións deportivas e de recreo.	UF2292. Operacións de reparación de elementos de plástico reforzado con fibra en embarcacións deportivas e de recreo.
			MF1844_2. Construción, adaptación e montaxe de pezas e estruturas de plástico reforzado con fibra de embarcacións deportivas e de recreo.	UF2293. Operacións de construción, adaptación e montaxe de pezas e estruturas de plástico reforzado con fibra en embarcacións deportivas e de recreo.
			MP0474. Módulo de prácticas profesionais non laborais.	Sen unidades formativas.
			MP0260. Mecanizado básico.	Sen unidades formativas.
			MP0459. Formación e orientación laboral.	MP0459_12. Prevención de riscos laborais.

